

Convocatoria Exame de Acceso á Avogacía 2026

CONVOCATORIA DA PROBA DE AVALIACIÓN DE APTITUDE PROFESIONAL PARA O EXERCICIO DA PROFESIÓN DA AVOGACÍA PARA O ANO 2026

PLANTILLA DEFINITIVA

MODALIDADE ONLINE

NOTA: Debido á modalidade online do exame e á aleatoriedade das preguntas e respostas, o seguinte modelo recolle o contido íntegro das preguntas e respostas, remarcando en formato vermello a resposta correcta.

A. MATERIAS COMÚNS AO EXERCICIO DA PROFESIÓN DE AVOGADO/A

1 - María é avogada e ten o seu domicilio profesional en Salamanca. A que colexio da avogacía debe incorporarse?
a) A calquera colexio da avogacía de España.
b) Ao Colexio da Avogacía de Salamanca, sen que poida incorporarse a ningún outro colexio.
c) Ao Colexio da Avogacía de Salamanca, con posibilidade de incorporarse, adicionalmente, a calquera outro colexio como profesional da avogacía rexistrada.
d) Ao Colexio da Avogacía de Salamanca, con posibilidade de incorporarse, adicionalmente, a calquera outro colexio como profesional da avogacía residente.

2 - Javier é sancionado disciplinariamente coa expulsión do colexio da avogacía ao que está incorporado. Cal é o prazo que, como mínimo, deberá transcorrer para que poida obter a rehabilitación para o exercicio da profesión?
a) O prazo de cinco anos desde que a sanción de expulsión fose executada.
b) O prazo de dez anos desde que a sanción de expulsión fose executada.
c) O prazo polo que se lle impuxese a sanción.
d) Para obter a rehabilitación para o exercicio da profesión non se esixe o transcurso de ningún prazo, senón a acreditación de ter superado as actividades formativas que en materia de deontoloxía profesional estableza cada colexio con carácter xeral, así como non ter incorrido en causa de indignidade ou desprezo dos valores e obrigas profesionais e deontolóxicas.

3 - Como se fixa a contía dos honorarios a que ten dereito o profesional da avogacía polos seus servizos?
a) Convense entre o cliente e o profesional da avogacía sobre a base do arancel obrigatorio aprobado polo colexio da avogacía a que estea incorporado o profesional da avogacía.
b) Convense libremente entre o cliente e o profesional da avogacía con respecto ás normas deontolóxicas e sobre defensa da competencia e competencia desleal.
c) Convense entre o cliente e o profesional da avogacía sobre a base da taxación de custas practicada no proceso polo letrado da Administración de Xustiza, unha vez practicada esta taxación.
d) Fíxase por resolución do colexio da avogacía a que estea incorporado o profesional da avogacía.

4 - Ana, Francisco e Paula son profesionais da avogacía e traballan xuntos nun despacho de avogados cuxo titular é Francisco. O despacho, á súa vez, colabora con Manuel, quen esporadicamente asume algúns asuntos do despacho por delegación. A favor de quen se devindicarán os honorarios a cargo dos clientes correspondentes ás actuacións que realice Manuel?
a) A favor de Manuel.
b) A favor de Francisco.
c) A favor de Ana, Francisco e Paula.
d) A favor do despacho, como despacho colectivo.

5 - José quere presentar unha demanda da cal haberá de coñecer o Tribunal de Instancia de Badaxoz. Con todo, carece de recursos para litigar, polo que pensa presentar unha solicitude de recoñecemento do dereito de asistencia xurídica gratuíta. A que órgano lle corresponderá resolver sobre o recoñecemento do dereito de asistencia xurídica gratuíta?
a) Á Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta que corresponda.
b) Ao Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes.
c) Ao órgano xurisdicional que haxa de coñecer do preito.
d) Ao Colexio da Avogacía de Badaxoz.

6 - Cristina quere presentar unha demanda para a que, conforme a Lei de axuizamento civil, é preceptiva a intervención de avogado e procurador. Ademais, a acción está próxima a prescribir. Porén, carece de recursos para litigar. Que pode facer para interromper a prescrición?
a) Presentar a demanda sen intervención de avogado nin de procurador, xustificando a imposibilidade de contratar os seus servizos.
b) Presentar solicitude de recoñecemento do dereito de asistencia xurídica gratuíta antes de iniciar o proceso.
c) Presentar a demanda sen intervención de avogado nin de procurador, solicitando simultaneamente o recoñecemento do dereito de asistencia xurídica gratuíta.
d) Presentar solicitude de recoñecemento do dereito de asistencia xurídica gratuíta, unha vez inadmitida formalmente a demanda por falta de intervención de avogado e procurador.

7 - ANULADA

8 - O profesional da avogacía debe informar o seu cliente acerca do estado do asunto en que estea a intervir?
a) Si.
b) Pode facelo, pero non é unha obriga.
c) Non, pois ten obriga de gardar segredo.
d) Si, con carácter, polo menos, semanal.

9 - Silvia é profesional da avogacía con despacho nun municipio de menos de 5.000 habitantes. Un veciño do municipio, Antonio, acode ao seu despacho coa idea de demandar a un acredor que lle debe unha cantidade importante de diñeiro, para o que solicita os servizos de Silvia. Ten Silvia obriga de asumir o caso?
a) Non, salvo que no municipio non exista ningún outro profesional da avogacía que poida asumilo.
b) Si, salvo que xustifique a inviabilidade da pretensión que Antonio quere exercitar.
c) Non, pero se o acepta non poderá renunciar á defensa de Antonio ata a conclusión do asunto.
d) Non, ten liberdade para aceptar ou rexeitar a dirección do asunto.

10 - Joaquina e Carmela, irmás, entre as que non existe conflito de intereses nin risco de que se produza, deciden demandar a un terceiro irmán, Esteban, para o que acoden a un despacho no que traballa Félix, profesional da avogacía. Pode Félix intervir no asunto por conta tanto de Joaquina como de Carmela?
a) Si, pero só se tanto Joaquina como Carmela prestan a súa autorización expresa e por escrito a que o despacho asuma a defensa tanto dunha como doutra.
b) Si, pero só se asume a defensa dunha das irmás e delega a defensa da outra irmá nun colaborador.
c) Si, en calquera caso.
d) Si, pero só se se trata dun asunto de natureza non litixiosa.

11 - Fernando e Claudio son dous profesionais da avogacía que levan conxuntamente a defensa dun cliente nun preito de reclamación de cantidade contra un terceiro. Poden intervir ambos conxuntamente nas vistas?
a) Non, deberá intervir sempre o mesmo profesional da avogacía.
b) Non, pero poderán facer quendas entre eles.
c) Si, sempre que esa intervención conxunta presente xustificación suficiente a criterio do órgano xudicial.
d) Non, salvo que por razón da actuación que teña que levarse a cabo na vista un deles deba auxiliar o outro.

12 - Luis é profesional da avogacía. A el acode Marina para recibir asesoramento sobre a incoación ou a forma de evitar un proceso. Ao examinar o caso, Luis advirte a posible existencia de indicios de que os feitos estean relacionados co branqueo de capitais. Ten Luis obriga de comunicar os feitos ao Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias (Sepblac)?
a) Si, informando diso a Marina.
b) Non, en ningún caso.
c) Si, sen informar diso a Marina.
d) Non, salvo que aprecie que os feitos poden ser constitutivos de infracción penal.

13 – Conforme o Tratado de Funcionamento da Unión Europea, cal dos seguintes suxeitos pode interpoñer un recurso contra un acto lexislativo?
a) O Defensor do Pobo Europeo.
b) Unicamente os Estados membros, o Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión.
c) Toda persoa física ou xurídica á que o acto lexislativo afecte directa e individualmente.
d) Unicamente os Estados membros, o Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión, así como o Tribunal de Contas, o Banco Central Europeo e o Comité das Rexións co fin de salvagardar as súas respectivas prerrogativas.

14 - Pode un colexio da avogacía exercer funcións de arbitraxe?
a) Si, pero só nas cuestións que se susciten entre os colexiados.
b) Si, pero só nas cuestións que se susciten entre os colexiados ou entre estes e os seus clientes.
c) Si, pero só nas cuestións que se susciten entre os colexiados e os seus clientes.
d) Si, nos asuntos que se lle sometan.

15 - De conformidade co Estatuto Xeral da Avogacía Española, que órganos de goberno deberán existir necesariamente nun colexio da avogacía?
a) O Decano, a Xunta de Goberno e a Xunta ou Asemblea Xeral.
b) O Decano, a Xunta de Goberno, a Xunta ou Asemblea Xeral e a comisión disciplinaria.
c) O Decano, a Xunta de Goberno, a Xunta ou Asemblea Xeral, o comité de garantías e a comisión disciplinaria.
d) O Decano, a Xunta de Goberno, a Xunta ou Asemblea Xeral e o comité de garantías.

16 - A quen corresponde resolver os conflitos de competencia que poidan producirse entre tribunais de distinta orde xurisdicional?
a) Ao Tribunal de Conflitos de Xurisdición.
b) Ao órgano inmediato superior común.
c) A unha Sala especial do Tribunal Supremo.
d) A unha Sala especial do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma, salvo que se susciten entre un Tribunal de Xustiza e a Audiencia Nacional ou o Tribunal Supremo ou entre estes, nese caso corresponde a unha Sala especial do Tribunal Supremo.

17 - De conformidade co Estatuto da Corte Internacional de Xustiza, quen pode ser parte en casos ante a Corte?
a) Só os Estados.
b) Os Estados, as organizacións internacionais e as persoas físicas ou xurídicas directamente destinatarias dun acto dun Estado ou unha organización internacional.
c) Os Estados e as organizacións internacionais.
d) Os Estados, as organizacións internacionais e as organizacións non gobernamentais.

18 - Juan ten un crédito fronte a Pedro e pensa demandalo en vía civil para reclamarlle o seu pago. A contía do asunto ascende a 1.500 euros. Para cumprir o requisito de procedibilidade de acudir previamente a un medio adecuado de solución de controversias, valora a formulación dunha oferta vinculante. Resulta preceptiva a asistencia letrada para a formulación da dita oferta?
a) Si, posto que resulta preceptiva en todos os medios adecuados de solución de controversias.
b) Si, posto que a oferta vinculante é o único medio adecuado de solución de controversias no que é preceptiva a asistencia letrada.
c) Non, posto que a contía do asunto non supera os dous mil euros.
d) Non, posto que a asistencia letrada nunca é preceptiva nos medios adecuados de solución de controversias.

19 - A cal dos seguintes órganos corresponde en todo caso a representación legal dun colexio da avogacía?
a) Á Xunta de Goberno, de maneira colexiada.
b) A cada un dos membros da Xunta de Goberno.
c) Aos apoderados que nomease a Xunta Xeral.
d) Ao Decano.

20 - Martín pensa presentar unha demanda civil contra unha Administración pública en exercicio dunha acción reivindicatoria. Para que a demanda sexa admisible conforme a Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza, será requisito de procedibilidade acudir previamente a algún medio adecuado de solución de controversias?
a) Non, posto que a entidade á que pensa demandar pertence ao sector público.
b) Si, posto que acudir previamente a un medio adecuado de solución de controversias é sempre requisito de procedibilidade para que sexa admisible a demanda.
c) Si, posto que acudir previamente a un medio adecuado de solución de controversias é sempre requisito de procedibilidade para que sexa admisible a demanda en materia civil e mercantil.
d) Si, sempre que exista unha identidade entre o obxecto da negociación e o obxecto do litixio.

21 - Matilde e Jerónimo iniciaron unha negociación no marco dun medio adecuado de solución de controversias. Tras manteren unha serie de negociacións, Matilde diríxese por escrito a Jerónimo dándoas por terminadas e queda constancia do intento de comunicación de ser esa a súa vontade. Que consecuencia ten?
a) Matilde non poderá demandar a Jerónimo por renunciar a atopar unha solución extraxudicial da controversia.
b) Reiniciarase ou renovará, respectivamente, o cómputo do prazo de prescrición ou caducidade de accións.
c) Non se reiniciará ou renovará, respectivamente, o cómputo do prazo de prescrición ou caducidade de accións ata que transcorresen trinta días naturais desde a data de recepción do escrito por Jerónimo.
d) Matilde deberá formular a demanda dentro do prazo de dous anos desde a data de terminación do proceso de negociación para que poida entenderse cumprido o requisito de procedibilidade.

22 - Cal dos seguintes gastos se consideran incluídos no concepto de custas?
a) Gastos por pago de copias reclamadas polo tribunal a rexistros públicos.
b) Gastos de desprazamento da contraparte ao lugar en que deban desenvolverse as actuacións procesuais.
c) Gastos de funcionamento do órgano xurisdicional no que se desenvolvan as actuacións.
d) Gastos por depósitos necesarios para a presentación de recursos.

23 - Cal das seguintes afirmacións é certa en relación coa taxación de custas?
a) No caso de que non sexa impugnada, non caberá recurso ningún contra a resolución que a aprobe.

b) Poderá admitirse a inclusión de partidas novas, aínda despois de darse traslado da taxación de custas ás partes, se sobreveñen gastos que teñan a consideración de custas procesuais.
c) A parte favorecida pola condena en custas non pode impugnar a taxación.
d) Tanto a súa práctica como a súa aprobación corresponden ao letrado da Administración de Xustiza.

24 – De conformidade coa Lei orgánica do dereito de defensa, cal das seguintes afirmacións é correcta?
a) O dereito de defensa comprende o conxunto de facultades e garantías, recoñecidas no ordenamento xurídico, que permiten a todas as persoas protexer e facer valer, conforme un procedemento previamente establecido, os seus dereitos, liberdades e intereses lexítimos unicamente nas controversias ante os tribunais de xustiza.
b) O dereito de defensa comprende o conxunto de facultades e garantías, recoñecidas no ordenamento xurídico, que permiten a todas as persoas protexer e facer valer, conforme un procedemento previamente establecido, os seus dereitos, liberdades e intereses lexítimos en calquera tipo de controversia ante os tribunais e administracións públicas, incluídas as dilixencias de investigación do Ministerio Fiscal, ou nos medios adecuados de solución de controversias regulados na normativa de aplicación.
c) O dereito de defensa comprende o conxunto de facultades e garantías, recoñecidas no ordenamento xurídico, que permiten a todas as persoas protexer e facer valer, conforme un procedemento previamente establecido, os seus dereitos, liberdades e intereses lexítimos unicamente nas controversias ante os tribunais de xustiza ou nos medios adecuados de solución de controversias.
d) O dereito de defensa comprende o conxunto de facultades e garantías, recoñecidas no ordenamento xurídico, que permiten a todas as persoas protexer e facer valer, conforme un procedemento previamente establecido, os seus dereitos, liberdades e intereses en calquera tipo de controversia ante os tribunais e administracións públicas e nas comparecencias en comisións de investigación das cámaras parlamentarias.

25 - De conformidade coa Lei orgánica do dereito de defensa, a que órgano corresponde ditar circulares interpretativas do Código Deontolóxico da Avogacía Española?
a) Á Comisión Permanente do Consello Xeral da Avogacía Española.
b) Ao Pleno do Consello Xeral da Avogacía Española.
c) Ao Pleno do Consello Xeral da Avogacía Española e a cada un dos consellos autonómicos, nos seus ámbitos respectivos.
d) Ao Congreso da Avogacía Española.

26 - De conformidade coa Lei orgánica do dereito de defensa, en cal dos seguintes supostos ten competencia un Consello Autonómico da Avogacía para sancionar en materia deontolóxica?
a) Cando o sancionado sexa un dos seus membros que actúe en tal condición.
b) Cando a norma infrinxida polo sancionado emane da comunidade autónoma correspondente.
c) Cando o suposto transcenda a competencia territorial dun colexio da avogacía dentro da comunidade autónoma por producir un prexuízo económico a unha xeneralidade de persoas.
d) A Lei orgánica do dereito de defensa non contempla ningún suposto respecto diso e remite á lexislación autonómica correspondente.

27 - En relación coa competencia da orde xurisdicional contencioso-administrativa para coñecer das pretensións que se deduzan en relación coa responsabilidade patrimonial da Administración, cal das seguintes afirmacións é correcta?
a) Esta orde xurisdicional coñecerá das pretensións que se deduzan en relación coa responsabilidade patrimonial das administracións públicas e do persoal ao seu servizo, só se este ten unha relación de servizo de natureza funcionarial e non laboral.
b) Esta orde xurisdicional coñecerá das pretensións que se deduzan en relación coa responsabilidade patrimonial das administracións públicas, só se deriva dunha actividade de natureza xurídico-pública.
c) Esta orde xurisdicional coñecerá das pretensións que se deduzan en relación coa responsabilidade patrimonial das administracións públicas, mesmo cando o interesado accione directamente contra a aseguradora da Administración, xunto á Administración respectiva.
d) Esta orde xurisdicional coñecerá das pretensións que se deduzan en relación coa responsabilidade patrimonial das administracións públicas, salvo que a pretensión se deduza tamén fronte aos suxeitos privados que concorresen á produción do dano.

28 - Pode acordarse que nunha Sección dun Tribunal de Instancia unha das persoas destinadas nela asuma con carácter exclusivo o coñecemento de determinadas clases de asuntos?
a) Non, posto que dentro dunha mesma Sección todas as persoas destinadas nela coñecen dos asuntos de todas as clases nos que a Sección sexa competente.
b) Si, pode acordalo o Consello Xeral do Poder Xudicial, pero só nas materias de familia, infancia e capacidade ou execución.
c) Si, pode acordalo o Consello Xeral do Poder Xudicial, cando na circunscrición exista máis dunha praza xudicial da mesma Sección.

d) Si, pode acordalo o Consello Xeral do Poder Xudicial, salvo cando os servizos comúns que para o efecto se constitúan poidan prestar labores de apoio.

29 - Cal das seguintes afirmacións é correcta en relación cos xuíces de paz?
a) Serán elixidos polo Pleno do Concello e percibirán unha retribución.
b) Haberaos en cada municipio onde non exista un Tribunal de Instancia e teñen que ser licenciados en Dereito.
c) O exercicio da súa función é incompatible co exercicio de actividades profesionais ou mercantís e coñecerán de asuntos civís de escasa contía e de procesos por delito leve.
d) A Lei orgánica de medidas en materia de eficiencia do servizo público de xustiza dispuxo a supresión desta figura.

30 - Nun tribunal de instancia, pódese nomear dous dos seus xuíces ou maxistrados para que, xunto con aquel a quen lle fose aquendado o asunto inicialmente, coñezan dun determinado proceso?
a) Non, posto que as prazas que integran as distintas seccións dos tribunais de instancia son unipersoais.
b) Si, conforme unha quenda anual preestablecida e pública, para que se encarguen da instrución dun determinado proceso penal ou coñezan en primeira instancia dun procedemento de calquera orde xurisdicional cando, en atención ao volume, a especial complexidade ou o número de intervenientes dun procedemento, tal nomeamento favoreza o exercicio da función xurisdicional.
c) Si, nese caso actuará como relator o xuíz ou maxistrado de maior antigüidade na carreira xudicial.
d) Si, nese caso aos xuíces ou maxistrados así nomeados non poderán serlles repartidos outros asuntos ata a terminación do procedemento.

31 - Con carácter xeral, en que ámbito teñen xurisdición as seccións dos tribunais de instancia?
a) No do partido xudicial, todas as seccións.
b) No da provincia as Seccións do Penal, do Contencioso-Administrativo, do Social, do Mercantil, de Vixilancia Penitenciaria e de Menores; e no do partido xudicial as Seccións Civís, de Instrución, Civís e de Instrución, de Familia, Infancia e Capacidade, de Violencia contra a Infancia e a Adolescencia e de Violencia sobre a Muller.
c) No da provincia as Seccións do Penal, do Contencioso-Administrativo, do Social, do Mercantil, de Vixilancia Penitenciaria, de Menores, de Violencia contra a Infancia e a Adolescencia e de Violencia sobre a Muller; e no do partido xudicial as Seccións Civís, de Instrución, Civís e de Instrución e de Familia, Infancia e Capacidade.
d) No da provincia as Seccións do Penal, do Contencioso-Administrativo, do Social e do Mercantil; e no do partido xudicial as Seccións Civís, de Instrución, Civís e de Instrución, de Familia, Infancia e Capacidade, de Violencia contra a Infancia e a Adolescencia, de Violencia sobre a Muller, de Vixilancia Penitenciaria e de Menores.

32 - Os tribunais españois poden ser competentes para coñecer de feitos cometidos por un estranxeiro fóra do territorio nacional susceptibles de ser tipificados, segundo a lei española, como un delito de xenocidio?
a) Si, aínda cando se iniciase un procedemento para a súa investigación e axuizamento nun tribunal internacional constituído conforme os tratados e convenios en que España fose parte.
b) Non, por canto os tribunais españois só son competentes para coñecer de delitos cometidos fóra do territorio nacional cando o presuntamente responsable sexa español ou estranxeiro que adquirise a nacionalidade española con posterioridade á comisión do feito.
c) Si, aínda cando o procedemento se dirixa contra un cidadán estranxeiro que non resida habitualmente nin se atope en España.
d) Si, aínda cando se iniciase un procedemento para a súa investigación e axuizamento no Estado do lugar en que se cometesen os feitos, se este Estado non pode realmente levar a cabo a investigación e así o valora a Sala 2.ª do Tribunal Supremo.

33 - Cal das seguintes afirmacións é certa en relación co recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional?
a) Non cabe fronte a actos emanados das asembleas lexislativas das comunidades autónomas.
b) Só será admitido a trámite cando o seu contido xustifique unha decisión sobre o fondo por parte do Tribunal Constitucional en razón da súa especial transcendencia constitucional.
c) Se se interpón fronte a actos ou omisións dun órgano xudicial, esixe o esgotamento de todos os medios de impugnación previstos para o caso concreto en vía xudicial, salvo a solicitude de nulidade de actuacións.
d) Cabe ante violacións de calquera dos dereitos recoñecidos no capítulo segundo do título I da Constitución.

34 - Juliana ten intención de presentar unha demanda contra o seu irmán Fernando, con quen é copropietaria dunha casa que ambos teñen en comunidade. Non obstante, para facelo necesita examinar certos documentos e contas da comunidade que están en poder de Fernando. Ten algunha vía previa para que se lle exhiban estes documentos e contas?
a) Non, por non estar prevista esta dilixencia preliminar, aínda que pode solicitar a práctica anticipada da proba documental correspondente.
b) Non, por non estar prevista esta dilixencia preliminar, pero poderá pedir que os documentos e contas se constitúan en depósito como medida cautelar.

c) Non, por non estar prevista esta dilixencia preliminar, aínda que pode pedir na demanda que se practique a dilixencia no acto do xuízo.
d) Si, pode pedilo como dilixencia preliminar con carácter previo á presentación da demanda.

35 - Lorenzo pretende presentar unha demanda contra Lucía. Con todo, non está seguro de certos feitos relativos á súa capacidade, representación ou lexitimación, que necesita coñecer para formular a demanda. Por iso, proponse solicitar a correspondente dilixencia preliminar para que Lucía declare sobre os ditos feitos. Que xuíz será competente para resolver sobre esta solicitude?
a) O do domicilio de Lucía, sen que se admita a declinatoria.
b) Aquel ante o cal teña presentarse a demanda, sen que se admita a declinatoria.
c) O do domicilio de Lucía, admitíndose a declinatoria.
d) Aquel ante o cal teña que presentarse a demanda, admitíndose a declinatoria.

36 - No proceso civil, a partir de que momento non se admitirá a formulación de ningunha cuestión incidental?
a) Unha vez concluída a audiencia previa ao xuízo, no procedemento ordinario, e unha vez admitida a proba proposta, no verbal.
b) Unha vez iniciado o xuízo, no procedemento ordinario, e unha vez concluída a vista, no verbal.
c) Unha vez iniciado o xuízo, no procedemento ordinario, e unha vez admitida a proba proposta, no verbal.
d) Unha vez concluído o xuízo, no procedemento ordinario, e unha vez concluída a vista, no verbal.

37 - Se nun proceso civil se pon de manifesto un feito que ofrece aparencia de delito perseguible de oficio:
a) O tribunal ordenará de inmediato e en todo caso a suspensión das actuacións e que se poña en coñecemento do Ministerio Fiscal por se procedese o exercicio de accións penais.
b) O tribunal ordenará a suspensión das actuacións só en caso de posible existencia dun delito de falsidade dalgún dos documentos achegados.
c) O tribunal acordará a suspensión das actuacións tan axiña como se acredite que se segue causa penal por razón do feito posto de manifesto, sexa cal for o estado de tramitación do proceso, cando a decisión do tribunal penal poida ter influencia decisiva na resolución do proceso civil.
d) O tribunal poñerao en coñecemento do Ministerio Fiscal por se procedese o exercicio da acción penal.

38 - Unha comunidade de propietarios iniciou unha acción de cesación contra un dos propietarios por desenvolver no inmoble unha actividade prohibida polos estatutos. Porén, o tribunal que coñece do caso advirte que existe un procedemento civil pendente promovido por varios propietarios no que se discute precisamente a validez dos estatutos. Que consecuencia ten iso?
a) Producirase automaticamente a suspensión do proceso no que se ventila a acción de cesación ata que se resolva sobre a validez dos estatutos no outro proceso.
b) O tribunal que coñece da acción de cesación poderá decretar a suspensión do curso das actuacións, se non fose posible a acumulación de autos, a pedimento de ambas as partes ou dunha delas, tras oír a contraria.
c) O tribunal que coñece da acción de cesación poderá poñelo en coñecemento do tribunal que coñece do outro proceso, a pedimento de ambas as partes ou dunha delas, tras oír a contraria, a fin de que o tribunal que coñeza do proceso máis antigo resolva sobre a cuestión prexudicial.
d) O tribunal que coñece da acción de cesación poderá resolver incidentalmente sobre a validez dos estatutos, sen que a existencia do outro proceso teña relevancia ningunha.

39 - Se un tribunal estima que algunha das partes actuou conculcando as regras da boa fe procesual, pode impoñerlle unha multa?
a) Si, na sentenza que poña fin ao proceso e sen posibilidade de recurso.
b) Si, en peza separada e con posibilidade de recurso.
c) Si, co límite máximo da contía do litixio.
d) Non, pero rexeitará fundadamente as peticións e incidentes formulados conculcando as regras da boa fe procesual.

40 - Marcelo é condenado en España por un delito. Tras esgotar todas as vías de recurso en España, Marcelo presenta unha demanda ante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos e este declara mediante sentenza definitiva que a condena de Marcelo supuxo unha violación do Convenio Europeo de Dereitos Humanos. Que consecuencia ten?
a) A sentenza do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos carece de forza obrigatoria, pero poderá fundamentar unha reclamación de responsabilidade patrimonial en España.
b) España deberá acatar a sentenza e o Comité de Ministros velará pola súa execución.
c) A sentenza do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos determina por si mesma a anulación da sentenza que condenou a Marcelo.
d) España deberá acatar a sentenza, pero non existen mecanismos específicos de supervisión da execución das sentenzas do tribunal.

41 - En relación coas xuntas xerais dos colexios da avogacía, cal das seguintes afirmacións é certa?
a) Salvo previsión contraria da lei ou dos estatutos do colexio, a súa convocatoria corresponde ao decano.
b) De conformidade co Estatuto xeral da avogacía española, convocarase xunta xeral extraordinaria cando así o solicite unha cuarta parte dos colexiados.
c) Salvo que os estatutos particulares os equiparen, o voto dos colexiados exercentes computará con dobre valor que o dos demais colexiados.
d) De conformidade co Estatuto xeral da avogacía española, correspóndelles o exercicio da potestade disciplinaria.

42 - Susana, profesional da avogacía, acepta o encargo dunha clienta e asume a levanza do seu caso sen informala sobre os honorarios que se devindicarán pola súa actuación, a pesar de que a clienta llo pide. É iso constitutivo de infracción?
a) Si, e podería dar lugar á imposición dunha sanción de suspensión do exercicio da avogacía por prazo que non poderá exceder dun ano.
b) Si, e podería dar lugar á imposición dunha sanción de expulsión do colexio da avogacía.
c) Si, pero non poderá dar lugar máis que á imposición dunha sanción de apercibimento escrito.
d) Non, por canto esta conduta non está tipificada como tal.

43 – ANULADA.

44 - Elisa, profesional da avogacía, é sancionada por defender intereses en conflito cos doutros clientes da sociedade profesional da que forma parte. Pode a sociedade profesional ser sancionada por iso?
a) Si, pero só no caso de que Elisa non o sexa.
b) Non, por canto o Estatuto xeral da avogacía española só contempla a posibilidade de impoñer sancións aos profesionais da avogacía.
c) Si, cando resulte acreditada a súa responsabilidade concorrente, como partícipe ou encubridora, na comisión da infracción.
d) Si, ao constituír a conduta de Elisa unha infracción moi grave.

45 - Antonio, profesional da avogacía, é sancionado por non comunicar ao colexio da avogacía ao que está incorporado o cambio do seu domicilio profesional. Conforme o Estatuto xeral da avogacía española, cal das seguintes afirmacións é correcta?
a) O acordo de imposición da sanción será inmediatamente executivo, pero contra el caberá interpoñer o recurso corporativo, administrativo ou contencioso-administrativo que proceda.
b) Contra o acordo de imposición da sanción caberá en todo caso recurso ante o Consello Xeral da Avogacía Española.
c) A sanción só producirá efecto no ámbito do colexio da avogacía que o ditase.
d) A sanción producirá efecto no ámbito de todos os colexios da avogacía de España e será executiva unha vez que sexa firme en vía administrativa.

46 - Helena, que non ten recoñecido o dereito de asistencia xurídica gratuíta, pretende interpoñer unha demanda de danos e perdas por importe de 10.000 euros contra o seu veciño Justo. Deberá Helena pagar a taxa polo exercicio da potestade xurisdicional?
a) Non, xa que a interposición e demandas de danos e perdas está exenta da taxa.
b) Non, xa que Helena é unha persoa física.
c) Si, xa que Helena non ten recoñecido o dereito de asistencia xurídica gratuíta.
d) Si, xa que a contía do proceso supera os 2.000 euros.

47 - Amelia obtén o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta para interpoñer unha demanda contra Lourdes. O proceso finaliza mediante resolución que contén pronunciamento sobre custas a favor de Amelia. En relación co aboamento das custas causadas na defensa e representación de Amelia, cal das seguintes afirmacións é correcta?
a) Lourdes deberá aboar as custas causadas na defensa e representación de Amelia, e deberán ser aboadas directamente ás persoas profesionais que se designaron para a súa representación e dirección xurídica.
b) Lourdes deberá aboar as custas causadas na defensa e representación de Amelia, e deberán ser aboadas a Amelia, quen deberá entregar as cantidades percibidas ás persoas profesionais que se designaron para a súa representación e dirección xurídica.
c) Lourdes deberá aboar as custas causadas na defensa e representación de Amelia, e deberán ser aboadas aos colexios profesionais que designaron ás persoas encargadas da representación e defensa de Amelia.
d) Amelia deberá pagar as custas causadas na súa defensa, sempre que non excedan da terceira parte do que obtivese no preito.

48 - En relación coas cotas colexiais que deben satisfacerse aos colexios da avogacía, cal das seguintes afirmacións é correcta?
a) Non está prevista a posibilidade de imposición de cotas extraordinarias aos colexiados.
b) A falta de pago das cotas colexiais é constitutiva dunha infracción moi grave.
c) Perderase a condición de colexiado pola falta de pago de seis mensualidades da cota obrigatoria, a cuxo pago viñese obrigado.
d) A cota de ingreso que debe satisfacerse para colexiarse como profesional da avogacía non poderá superar os custos asociados á tramitación da inscrición.

49 - Flora é unha profesional da avogacía que asumiu a defensa de Marcos nun procedemento xudicial. Marcos é empresario e, no marco dunha auditoría que un auditor está a facer das contas de Marcos, o auditor mostra interese en que Flora emita un informe que conteña a súa valoración profesional sobre o resultado probable do litixio e unha estimación das súas posibles consecuencias económicas. Pode Flora emitir o informe?
a) Só se a petición procede de Marcos, quen, en todo caso, deberá ser o seu exclusivo destinatario, salvo que autorice de maneira expresa dalo a coñecer a un terceiro.
b) Si, en todo caso, quer sexa a solicitude do auditor ou de Marcos, quer o coñeza Marcos ou o ignore.
c) Só se Flora estima razoablemente que o resultado do litixio será desfavorable para Marcos.
d) Non, en ningún caso, posto que llo impide o seu deber de segredo profesional.

50 - En que consiste a función dos avogados xerais no Tribunal de Xustiza da Unión Europea?
a) En representar e defender as institucións da Unión Europea nos procedementos xudiciais ante o Tribunal.
b) En representar e defender os funcionarios públicos da Unión Europea nos procedementos xudiciais que lles afecten, sempre que non designen un avogado e un procurador da súa elección.
c) En representar e defender os Estados membros da Unión Europea nos procedementos xudiciais ante o Tribunal, sempre que opten por non comparecer por medio dos seus propios avogados.
d) En presentar publicamente, con toda imparcialidade e independencia, conclusións motivadas sobre os asuntos que, de conformidade co Estatuto do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, requiran a súa intervención.

PREGUNTAS DE RESERVA

1 - Conforme a Lei orgánica do poder xudicial, cando serán competentes na orde social os xuíces e tribunais españois en materia de pretensións de Seguridade Social?
a) Cando a pretensión se formule fronte a entidades españolas ou que teñan domicilio, axencia, delegación ou calquera outra representación en España.
b) Unicamente cando a pretensión se formule por razón de servizos prestados en territorio español.
c) Unicamente cando a pretensión se formule por traballadores ou beneficiarios do sistema de Seguridade Social que teñan residencia en España.
d) Unicamente cando a pretensión se formule por razón de servizos prestados en favor dun empresario establecido en España.

2 - Na orde xurisdicional contencioso-administrativo, que cantidade estará obrigada a pagar a parte condenada en custas en primeira ou única instancia?
a) Unha cantidade que non exceda da terceira parte da contía do proceso, por cada un dos favorecidos por esa condena.
b) Unha cantidade que non exceda da contía do proceso, por cada un dos favorecidos por esa condena.
c) Unha cantidade que non exceda da contía do proceso, se a parte condenada en custas é a Administración, e dunha terceira parte da contía do proceso, se a parte condenada en custas é a parte demandante.
d) A Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa non contén unha regulación expresa das custas procesuais.

3 - Quen está lexitimado para interpoñer o recurso de amparo constitucional nos casos en que a violación do dereito ou liberdade susceptible de amparo constitucional tivese a súa orixe inmediata e directa nun acto ou omisión dun órgano xudicial?
a) Quen fose parte no proceso xudicial correspondente, unicamente.
b) Quen fose parte no proceso xudicial correspondente e o Ministerio Fiscal, unicamente.
c) Quen fose parte no proceso xudicial correspondente, o Ministerio Fiscal e o Defensor do Pobo.
d) Quen fose parte no proceso xudicial correspondente, o Ministerio Fiscal, o Defensor do Pobo e os órganos autonómicos estatutarios de protección dos dereitos fundamentais.

4 - Cal das seguintes afirmacións é correcta en relación cos conflitos de xurisdición?
a) Os conflitos de xurisdición entre os xulgados ou tribunais e a Administración serán resoltos por un órgano colexiado constituído polo presidente do Tribunal Supremo e por cinco vogais, dos que dous serán maxistrados da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo e os outros tres serán conselleiros permanentes de Estado.
b) Os conflitos de xurisdición entre un xulgado ou tribunal e a Administración serán resoltos polo xulgado ou tribunal.
c) Os conflitos de xurisdición entre un xulgado ou tribunal e a Administración serán resoltos por unha Sala especial do Tribunal Supremo.
d) Non cabe a formulación de conflitos de xurisdición entre un xulgado ou tribunal e a Administración, por canto a decisión sobre se o poder xudicial ten xurisdición para coñecer dun determinado asunto corresponde en todo caso a este.

5 - Cal das seguintes constitúe infracción leve do profesional da avogacía?
a) A falta do respecto debido a quen interveña na Administración de Xustiza.
b) Non atender coa debida dilixencia as visitas, comunicacións escritas ou telefónicas doutros profesionais da avogacía.
c) A condena penal firme pola comisión de delitos leves dolosos como consecuencia do exercicio da profesión.
d) A embriaguez ou consumo de drogas cando afecten o exercicio da profesión.

6 – Conforme o Estatuto xeral da avogacía española, a solicitude de convocatoria de xunta xeral extraordinaria para o voto de censura á xunta de goberno dun colexio da avogacía con máis de dez mil profesionais da avogacía en exercicio requirirá a sinatura dun mínimo de:
a) O 20 por cento dos colexiados exercentes, incorporados polo menos con tres meses de antelación.
b) O 10 por cento dos colexiados exercentes, incorporados polo menos con tres meses de antelación.
c) O 50 por cento dos colexiados exercentes, incorporados polo menos con tres meses de antelación.
d) Non está contemplada a posibilidade de voto de censura á xunta de goberno.

B. MATERIAS ESPECÍFICAS

ESPECIALIDADE XURÍDICA EN CIVIL- MERCANTIL

1 – Alodia, que reside en Madrid, quere interpoñer unha demanda de reclamación da lexítima da herdanza de seu pai, Lorién, quen faleceu en Berna (Suíza), lugar onde vivía no momento da súa morte e ao que se mudou por traballo, tras estar residindo toda a súa vida en Caspe. Ante que tribunal de instancia deberá interpoñer Alodia a demanda?
a) Ante os tribunais de Berna (Suíza) ao ser o lugar do falecemento do finado.
b) Ante o Tribunal de Instancia de Caspe, ao ser o lugar do último domicilio do finado en España.
c) Ante o Tribunal de Instancia de Madrid, ao ser o lugar do domicilio de Alodia.
d) Ante calquera tribunal de instancia en España, ao aplicarse a norma supletoria que atribúe á xurisdición española o coñecemento dos procedementos xudiciais sobre cuestións hereditarias cando o finado falecese en país estranxeiro.

2 – Fernando quere exercitar unha acción para reivindicar a Isabel, Elisa e Ana que lle sexa atribuída a cotitularidade dunha parte dunha patente. De que prazo dispoñería Fernando para realizar a reivindicación da titularidade?
a) Estes dereitos só serán exercitables nun prazo de dous anos desde a data en que se publicou a mención da concesión no «Boletín Oficial da Propiedade Industrial».
b) Estes dereitos só serán exercitables nun prazo de tres anos desde a data en que se publicou a mención da concesión no «Boletín Oficial da Propiedade Industrial».
c) Estes dereitos só serán exercitables nun prazo de cinco anos desde a data en que se publicou a mención da concesión no «Boletín Oficial da Propiedade Industrial».
d) Estes dereitos só serán exercitables nun prazo de dez anos desde a data en que se publicou a mención da concesión no «Boletín Oficial da Propiedade Industrial».

3 – Soufiane, marroquí de trece anos, quere optar pola nacionalidade española, ao estar suxeito á patria potestade dun español. Poderá exercitar por si mesmo o dereito de opción da nacionalidade española?
a) Si, se o encargado da oficina do Rexistro Civil entende que o menor que quere exercitar o dereito de opción da nacionalidade española ten suficiente xuízo para entender e comprender os dereitos e obrigacións da adquisición por opción.
b) Non, porque só poderá exercitalo o representante legal do optante menor de doce anos.
c) Non, porque só poderá exercitalo o representante legal do optante menor de catorce anos.
d) Non, porque só poderá exercitalo o representante legal do optante menor de dezaseis anos.

4 – No Tribunal de Instancia de Cartaxena estase coñecendo dun procedemento de execución da vivenda habitual do debedor, Félix. Cal será o importe máximo das custas esixibles ao debedor executado?
a) No suposto de execución de vivenda habitual as custas esixibles ao debedor executado non poderán superar o 5 por cento da cantidade que se reclame na demanda executiva.
b) No suposto de execución de vivenda habitual as custas esixibles ao debedor executado non poderán superar o 5 por cento da cantidade que constase no préstamo hipotecario.
c) No suposto de execución de vivenda habitual as custas esixibles ao debedor executado non poderán superar o 5 por cento da cantidade que se reclame na certificación bancaria emitida polo acredor.
d) No suposto de execución de vivenda habitual as custas esixibles ao debedor executado non poderán superar o 5 por cento da cantidade que se reclamase no acto de conciliación previa.

5 – Abeliñe, avogada de Andoni, propuxo nun proceso ordinario civil a práctica dun medio probatorio como dilixencia final. Practicada esta, de que prazo dispoñerá Abeliñe para presentar escrito no que resuma e valore o resultado da dilixencia final?
a) Poderá presentar escrito dentro do segundo día, unha vez practicada a dilixencia final.
b) Poderá presentar escrito dentro do terceiro día, unha vez practicada a dilixencia final.
c) Poderá presentar escrito dentro do quinto día, unha vez practicada a dilixencia final.
d) Poderá presentar escrito dentro do décimo día, unha vez practicada a dilixencia final.

6 – Julia, encargada da oficina do Rexistro Civil de Manzanares, ten fundadas dúbidas sobre a legalidade dos documentos achegados por Bartolomeu para practicar a inscrición de nacemento da súa filla Paula. Que fará nestes casos Julia?
a) Realizará antes de estender a inscrición, e no prazo de dez días, as comprobacións oportunas.
b) Realizará antes de estender a inscrición, e no prazo de trinta días, as comprobacións oportunas.
c) Realizará antes de estender a inscrición, e no prazo dun mes, as comprobacións oportunas.
d) Realizará despois de estender a inscrición, e no prazo de tres meses, as comprobacións oportunas.

7 – Garazi, avogada de Nahia, solicitou a acumulación dos procesos que Nahia ten contra Esteban no Tribunal de Instancia de Pamplona. En que prazo se dará traslado ás demais partes comparecidas da solicitude de acumulación?
a) O letrado da Administración de Xustiza dará traslado ás demais partes comparecidas e a todos os que sexan parte en calquera dos procesos cuxa acumulación se pretende, aínda que non o sexan naquel no que se solicitou, a fin de que, no prazo común de dez días, formulen alegacións acerca da acumulación.
b) O letrado da Administración de Xustiza dará traslado ás demais partes comparecidas e a todos os que sexan parte en calquera dos procesos cuxa acumulación se pretende, aínda que non o sexan naquel no que se solicitou, a fin de que, no prazo común de vinte días, formulen alegacións acerca da acumulación.
c) O letrado da Administración de Xustiza dará traslado ás demais partes comparecidas e a todos os que sexan parte en calquera dos procesos cuxa acumulación se pretende, aínda que non o sexan naquel no que se solicitou, a fin de que , no prazo común de trinta días, formulen alegacións acerca da acumulación.
d) O letrado da Administración de Xustiza dará traslado ás demais partes comparecidas e a todos os que sexan parte en calquera dos procesos cuxa acumulación se pretende, aínda que non o sexan naquel no que se solicitou, a fin de que, no prazo común dun mes, formulen alegacións acerca da acumulación.

8 – Alaia, que ten unha discapacidade do 86%, actuando por si mesma e sen unha persoa que a represente, é parte nun procedemento verbal no que se lle reclama a cantidade de 8.000 euros. Podería apreciarse de oficio a falta de capacidade procesual de Alaia para comparecer en xuízo?
a) Non, a falta de capacidade para ser parte e de capacidade procesual non poderá ser apreciada de oficio polo tribunal.
b) Si, a falta de capacidade para ser parte e de capacidade procesual poderá ser apreciada de oficio polo tribunal en calquera momento do proceso.
c) Si, a falta de capacidade para ser parte e de capacidade procesual poderá ser apreciada de oficio polo tribunal se o fixese no momento anterior á contestación á demanda.
d) Si, a falta de capacidade para ser parte e de capacidade procesual poderá ser apreciada de oficio polo tribunal se o fixese no momento anterior á práctica da proba ou celebración da vista.

9 – Maika, avogada de Felipe, solicitou nun procedemento relativo a unha patente, por vía de excepción, a nulidade total ou parcial da patente do actor, Nacho. De que prazo dispoñerá Nacho para solicitar do xuíz ou tribunal que a excepción sexa tratada como reconvención?
a) O titular da patente dispoñerá de seis días, desde a recepción da contestación á demanda.
b) O titular da patente dispoñerá de sete días, desde a recepción da contestación á demanda.
c) O titular da patente dispoñerá de oito días, desde a recepción da contestación á demanda.
d) O titular da patente dispoñerá de nove días, desde a recepción da contestación á demanda.

10 – Filomena quere desherdar a súa filla, Marta, xa que non a coidou durante a grave enfermidade que sufriu. Como podería desherdar Filomena a Marta?

a) O desherdamento só poderá facerse en testamento, expresando nel a causa legal en que se funde.

b) O desherdamento só poderá facerse en testamento e en escritura pública outorgada ante notario, expresando a causa legal en que se funde.

c) O desherdamento só poderá facerse mediante documento ou contrato privado, en testamento e en escritura pública outorgada ante notario, expresando a causa legal en que se funde.

d) O desherdamento poderá facerse mediante calquera documento, público ou privado, sempre que quede acreditada a identidade da persoa a quen se desherda e a data do seu outorgamento.

11 – Almudena, cantante de fama mundial, quere realizar un contrato de cesión en exclusiva dunha representación e execución musical, para o cal acode ao despacho de avogados de Gabriel, para que a asesore sobre a súa duración. Cal será a duración máxima da cesión en exclusiva?

a) A duración da cesión en exclusiva non poderá exceder de tres anos.

b) A duración da cesión en exclusiva non poderá exceder de cinco anos.

c) A duración da cesión en exclusiva non poderá exceder de dez anos.

d) A duración da cesión en exclusiva non poderá exceder de quince anos.

12 – Jimena acode a Sergi, avogado en exercicio, para que a asesore sobre o prazo máximo para adoptar e notificar un Acordo do Consello de Ministros sobre o control de concentracións regulado en materia de defensa da competencia. Que lle debería responder Sergi?

a) Que o prazo máximo para adoptar e notificar un Acordo do Consello de Ministros no procedemento de control de concentracións será de vinte días, contado desde a resolución da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital (actual Ministerio de Economía, Comercio e Empresa) de elevar a operación ao Consello de Ministros.

b) Que o prazo máximo para adoptar e notificar un Acordo do Consello de Ministros no procedemento de control de concentracións será dun mes, contado desde a resolución da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital (actual Ministerio de Economía, Comercio e Empresa) de elevar a operación ao Consello de Ministros.

c) Que o prazo máximo para adoptar e notificar un Acordo do Consello de Ministros no procedemento de control de concentracións será de tres meses, contado desde a resolución da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital (actual Ministerio de Economía, Comercio e Empresa) de elevar a operación ao Consello de Ministros.

d) Que o prazo máximo para adoptar e notificar un Acordo do Consello de Ministros no procedemento de control de concentracións será de seis meses, contado desde a resolución da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital (actual Ministerio de Economía, Comercio e Empresa) de elevar a operación ao Consello de Ministros.

13 – Román, maxistrado da Praza n.º 1 da Sección Civil do Tribunal de Instancia das Palmas de Gran Canaria ditou sentenza que resolve a oposición nun proceso cambiario interposto por Josefa contra Avelino. Que efectos producirá a sentenza que resolve a oposición?

a) A sentenza definitiva ditada en xuízo cambiario non producirá efectos de cousa xulgada respecto das cuestións que puideron ser nel alegadas e discutidas.

b) A sentenza definitiva ditada en xuízo cambiario non producirá efectos de cousa xulgada, respecto das cuestións alegadas e discutidas, podéndose formular estas no xuízo declarativo correspondente.

c) A sentenza firme ditada en xuízo cambiario non producirá efectos de cousa xulgada, respecto das cuestións alegadas e discutidas, podéndose formular estas no xuízo executivo correspondente.

d) A sentenza firme ditada en xuízo cambiario producirá efectos de cousa xulgada, respecto das cuestións que puideron ser nel alegadas e discutidas, podéndose formular as cuestións restantes no xuízo correspondente.

14 – Haizea, avogada de Maddi, presentou escrito ante o Tribunal de Instancia de Bilbao polo que solicita a aclaración da sentenza ditada pola maxistrada da Praza n.º 5 da Sección Civil. Ante a resolución da maxistrada que denega a aclaración, que recurso poderá interpoñer Haizea?

a) Contra a resolución que decida sobre a aclaración ou corrección, a parte interesada poderá interpoñer recurso de reposición no prazo dos cinco días seguintes a aquel en que se notificase a resolución cuxa aclaración se solicita.

b) Contra a resolución que decida sobre a aclaración ou corrección, a parte interesada poderá interpoñer recurso directo de revisión no prazo dos cinco días seguintes a aquel en que se notificase a resolución cuxa aclaración se solicita.

c) Contra a resolución que decida sobre a aclaración ou corrección, a parte interesada poderá interpoñer recurso de apelación no prazo dos vinte días seguintes a aquel en que se notificase a resolución cuxa aclaración se solicita.

d) Non caberá recurso ningún contra a resolución que decida sobre a aclaración ou corrección, sen prexuízo dos recursos que procedan, de ser o caso, contra a resolución á que se refira a solicitude.

15 – Eulàlia, avogada de Adrià, interpuxo un procedemento xudicial civil para instar a restitución ou retorno de menores nos supostos de subtracción internacional, xa que a súa exparella, Larissa, se trasladou cos seus fillos a Portugal, incumprindo a sentenza ditada polo maxistrado da Praza n.º 5 do Tribunal de Instancia de Figueres. En que prazo se resolverá sobre a admisión a trámite da demanda neste procedemento xudicial?

a) O letrado da Administración de Xustiza resolverá sobre a admisión da demanda no prazo das 24 horas seguintes e, se entende que esta non resulta admisible, dará conta ao xuíz para que resolva o que proceda dentro do dito prazo.

b) O letrado da Administración de Xustiza resolverá sobre a admisión da demanda no prazo das 36 horas seguintes e, se entende que esta non resulta admisible, dará conta ao xuíz para que resolva o que proceda no prazo máximo de tres días.

c) O letrado da Administración de Xustiza resolverá sobre a admisión da demanda no prazo das 48 horas seguintes e, se entende que esta non resulta admisible, dará conta ao xuíz para que resolva o que proceda no prazo máximo de cinco días.

d) O letrado da Administración de Xustiza resolverá sobre a admisión da demanda no prazo das 72 horas seguintes e, se entende que esta non resulta admisible, dará conta ao xuíz para que resolva o que proceda no prazo máximo de dez días.

16 – O pai de Procopia, procuradora dos tribunais, sufriu un infarto de miocardio mentres traballaba, e foi ingresado de forma urxente no Hospital de Zafra. Poderán interromperse os prazos dos procedementos nos que Procopia interveña, ao estar nunha causa de forza maior?

a) Si, poderán interromperse os prazos e demorarse os termos durante un prazo de dous días hábiles cando os colexios de avogados ou procuradores ou as partes comparecidas comuniquen causas obxectivas de forza maior que afecten á persoa profesional da avogacía ou da procura, tales como nacemento e coidado de menor, enfermidade grave e accidente con hospitalización, falecemento de parentes ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade ou baixa laboral certificada pola seguridade social ou sistema sanitario ou de previsión social equivalente.

b) Si, poderán interromperse os prazos e demorarse os termos durante un prazo de tres días hábiles cando os colexios de avogados ou procuradores ou as partes comparecidas comuniquen causas obxectivas de forza maior que afecten á persoa profesional da avogacía ou da procura, tales como nacemento e coidado de menor, enfermidade grave e accidente con hospitalización, falecemento de parentes ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade ou baixa laboral certificada pola seguridade social ou sistema sanitario ou de previsión social equivalente.

c) Si, poderán interromperse os prazos e demorarse os termos durante un prazo de cinco días hábiles cando os colexios de avogados ou procuradores ou as partes comparecidas comuniquen causas obxectivas de forza maior que afecten á persoa profesional da avogacía ou da procura, tales como nacemento e coidado de menor, enfermidade grave e accidente con hospitalización, falecemento de parentes ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade ou baixa laboral certificada pola seguridade social ou sistema sanitario ou de previsión social equivalente.

d) Si, poderán interromperse os prazos e demorarse os termos durante un prazo de dez días hábiles cando os colexios de avogados ou procuradores ou as partes comparecidas comuniquen causas obxectivas de forza maior que afecten á persoa profesional da avogacía ou da procura, tales como nacemento e coidado de menor, enfermidade grave e accidente con hospitalización, falecemento de parentes ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade ou baixa laboral certificada pola seguridade social ou sistema sanitario ou de previsión social equivalente.

17 – Nun procedemento civil de execución, Sara, avogada en exercicio de Hans, quere solicitar unha medida cautelar para que se reteñan os saldos da conta corrente que Franky ten en Eslovenia, ao existir un procedemento de execución ante o Tribunal de Instancia de Estepona e existir perigo de que o debedor retire todo o diñeiro da conta, para evitar o pagamento. Que instrumento de cooperación civil utilizará Sara para a retención dos saldos da conta corrente en Eslovenia?

a) A Directiva 2014/41/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de abril de 2014, relativa á orde europea de investigación.

b) O Regulamento (UE) nº 655/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, polo que se establece o procedemento relativo á orde europea de retención de contas.

c) O Regulamento (CE) nº 1896/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, polo que se establece un proceso monitorio europeo.

d) O Regulamento (CE) nº 861/2007 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de xullo de 2007, polo que se establece un proceso europeo de escasa contía.

18 – Celestino contraeu matrimonio con Gabriela porque Cipriano, pai de Gabriela, o ameazara con matalo se non casaba coa súa filla, xa que esta quedara embarazada e esperaba un fillo de Celestino. Podería exercitar Celestino a acción de nulidade do matrimonio?

a) Non, a acción de nulidade do matrimonio non poderá exercitala nunca un dos cónxuxes.

b) Si, pero caducará a acción e validarase o matrimonio se os cónxuxes vivisen xuntos durante seis meses despois de desvanecido o erro ou de cesar a forza ou a causa do medo.

c) Si, pero caducará a acción e validarase o matrimonio se os cónxuxes vivisen xuntos durante un ano despois de desvanecido o erro ou de cesar a forza ou a causa do medo.

d) Si, pero caducará a acción e validarase o matrimonio se os cónxuxes vivisen xuntos durante dous anos despois de desvanecido o erro ou de cesar a forza ou a causa do medo.

19 – Pau, Nacho, Adela, Javier e Leopoldo son socios colectivos nunha sociedade comanditaria, na cal Javier e Leopoldo, ademais, son os xestores. Como quedarán obrigados os socios neste caso?
a) Só Javier e Leopoldo quedarán obrigados persoal e mancomunadamente ás resultas das operacións desta, ao seren xestores da sociedade comanditaria.
b) Só Pau, Nacho e Adela quedarán obrigados persoal e mancomunadamente ás resultas das operacións desta, quedando exentos de calquera obrigación persoal Javier e Leopoldo, ao seren xestores da sociedade comanditaria.
c) Só Pau, Nacho e Adela quedarán obrigados persoal e solidariamente ás resultas das operacións desta, quedando exentos de calquera obrigación persoal Javier e Leopoldo, ao seren xestores da sociedade comanditaria.
d) Pau, Nacho, Adela, Javier e Leopoldo ao seren socios colectivos, sexan ou non xestores da compañía en comandita, quedarán obrigados persoal e solidariamente ás resultas das operacións da sociedade comanditaria.

20 – Miguel Ángel acode ao despacho de Loreto para que o asesore sobre a posibilidade de instar a súa declaración de concurso, xa que se atopa en situación de insolvencia. Miguel Ángel non sabe se a petición require a intervención de avogado e procurador. Que responderíalle Loreto sobre a necesidade de postulación procesual?
a) A solicitude do debedor que inste a declaración do propio concurso será presentada polo debedor sen que sexa necesaria a sinatura de avogado ou procurador.
b) A solicitude do debedor que inste a declaración do propio concurso será presentada por avogado no modelo oficial, coa sinatura deste e sen que sexa necesaria a intervención de procurador.
c) A solicitude do debedor que inste a declaración do propio concurso será presentada por procurador no modelo oficial, coa sinatura deste e de avogado.
d) A solicitude do debedor que inste a declaración do propio concurso será presentada por procurador no modelo oficial, coa sinatura deste e sen que sexa necesaria a intervención de avogado.

21 – Virginia, avogada de Maite, quere impugnar a oposición á execución, por motivos procesuais, que ditou o titular da Praza n.º 6 da Sección Civil do Tribunal de Instancia de Palma de Mallorca. De que prazo dispón o executante para impugnar a oposición baseada en motivos de fondo?
a) Cando se resolvese sobre a oposición á execución por motivos procesuais ou estes non se alegasen, o executante poderá impugnar a oposición baseada en motivos de fondo no prazo de cinco días, contados desde que se lle notifique a resolución sobre aqueles motivos ou desde o traslado do escrito de oposición.
b) Cando se resolvese sobre a oposición á execución por motivos procesuais ou estes non se alegasen, o executante poderá impugnar a oposición baseada en motivos de fondo no prazo de dez días, contados desde que se lle notifique a resolución sobre aqueles motivos ou desde o traslado do escrito de oposición.
c) Cando se resolvese sobre a oposición á execución por motivos procesuais ou estes non se alegasen, o executante poderá impugnar a oposición baseada en motivos de fondo no prazo de vinte días, contados desde que se lle notifique a resolución sobre aqueles motivos ou desde o traslado do escrito de oposición.
d) Cando se resolvese sobre a oposición á execución por motivos procesuais ou estes non se alegasen, o executante poderá impugnar a oposición baseada en motivos de fondo no prazo dun mes, contados desde que se lle notifique a resolución sobre aqueles motivos ou desde o traslado do escrito de oposición.

22 – Idoia é acredora dun crédito que ten contra Serezade, por importe de 100.000 €, que está garantido con hipoteca. Que prazo de prescrición tería respecto á acción hipotecaria?
a) A acción hipotecaria prescribirá aos vinte anos, contados desde que poida ser exercitada.
b) A acción hipotecaria prescribirá aos trinta anos, contados desde que poida ser exercitada.
c) A acción hipotecaria prescribirá aos corenta anos, contados desde que poida ser exercitada.
d) A acción hipotecaria non prescribirá nunca.

23 – Jesús quere adquirir unha servidume continua non aparente. Como poderá adquirir a servidume?
a) Só poderá adquirirse en virtude de título.
b) Só poderá adquirirse por prescrición de vinte anos.
c) Poderá adquirirse en virtude de título ou por prescrición de vinte anos.
d) Non poderá adquirirse nin en virtude de título nin por prescrición de vinte anos.

Preguntas sobre dereitos civís forais

24 – Ángela e Benito foron privados xudicialmente da patria potestade do seu fillo Rufo, que ten once anos e ten, como os seus pais, a veciñanza civil aragonesa. Afectará a privación do exercicio da patria potestade de Ángela e Benito á veciñanza civil do seu fillo Rufo?
a) Non, a privación ou suspensión no exercicio da patria potestade dos pais non afectará á veciñanza civil dos fillos.

b) Si, a privación ou suspensión no exercicio da patria potestade dos pais só afectará á veciñanza civil dos fillos que fosen menores de doce anos.
c) Si, a privación ou suspensión no exercicio da patria potestade dos pais só afectará á veciñanza civil dos fillos que fosen menores de catorce anos.
d) Si, a privación ou suspensión no exercicio da patria potestade dos pais só afectará á veciñanza civil dos fillos que fosen menores de dezaseis anos.

25 - Escolla a pregunta en función do dereito foral elixido:

A - Dereito civil común:
25 - Silvia, filla de Angelines, quen no momento da súa morte tiña a veciñanza civil común, quere exercitar unha acción xudicial contra o seu irmán Álvaro, ao considerar que foi desherdada inxustamente da herdanza pola súa nai. De que prazo dispón Silvia para exercitar a acción?
a) A acción caducará ao ano.
b) A acción caducará aos dous anos.
c) A acción caducará aos tres anos.
d) A acción caducará aos catro anos.

B - Dereito civil Aragón:
25 – Izarbe, filla de Jara, quen no momento da súa morte tiña a veciñanza civil aragonesa, quere exercitar a acción declarativa de indignidade contra o seu irmán Francho, quen foi condenado por sentenza firme por maltratar de obra á súa nai. De que prazo dispón Izarbe para exercitar a acción de indignidade?
a) A acción declarativa da indignidade caducará transcorrido un ano desde que o indigno de suceder estea en posesión da herdanza ou legado.
b) A acción declarativa da indignidade caducará transcorridos dous anos desde que o indigno de suceder estea en posesión da herdanza ou legado.
c) A acción declarativa da indignidade caducará transcorridos catro anos desde que o indigno de suceder estea en posesión da herdanza ou legado.
d) A acción declarativa da indignidade caducará transcorridos cinco anos desde que o indigno de suceder estea en posesión da herdanza ou legado.

C - Dereito civil Baleares:
25 - Margalida, filla de Laia, quen no momento da súa morte tiña a veciñanza civil das Illes Balears, quere exercitar a acción declarativa de indignidade contra o seu irmán Martí, quen foi condenado por sentenza firme por maltratar de obra á súa nai. De que prazo dispón Margalida para exercitar a acción de indignidade?
a) A acción declarativa de indignidade sucesoria caduca ao ano contado desde que a persoa lexitimada para a exercitar a coñeza ou a puidese coñecer; en todo caso caduca unha vez transcorrido un ano desde que o indigno para suceder tomase posesión dos bens hereditarios.
b) A acción declarativa de indignidade sucesoria caduca aos dous anos contados desde que a persoa lexitimada para a exercitar a coñeza ou a puidese coñecer; en todo caso caduca unha vez transcorridos dous anos desde que o indigno para suceder tomase posesión dos bens hereditarios.
c) A acción declarativa de indignidade sucesoria caduca aos catro anos contados desde que a persoa lexitimada para a exercitar a coñeza ou a puidese coñecer; en todo caso caduca unha vez transcorridos catro anos desde que o indigno para suceder tomase posesión dos bens hereditarios.
d) A acción declarativa de indignidade sucesoria caduca aos cinco anos contados desde que a persoa lexitimada para a exercitar a coñeza ou a puidese coñecer; en todo caso caduca unha vez transcorridos cinco anos desde que o indigno para suceder tomase posesión dos bens hereditarios.

D - Dereito civil Cataluña:
25 - Llura, filla de Meritxell, quen no momento da súa morte tiña a veciñanza civil catalá, quere exercitar a acción declarativa de indignidade contra o seu irmán Guillem, quen foi condenado por sentenza firme por maltratar de obra á súa nai. De que prazo dispón Llura para exercitar a acción de indignidade?
a) A acción declarativa da indignidade ou inhabilidade sucesorias caduca unha vez transcorrido un ano desde que a persoa lexitimada para exercela coñece ou pode razoablemente coñecer a causa de ineficacia e, en todo caso, unha vez transcorrido un ano desde que a persoa indigna ou inhábil toma posesión dos bens en calidade de herdeira ou legataria.
b) A acción declarativa da indignidade ou inhabilidade sucesorias caduca unha vez transcorridos dous anos desde que a persoa lexitimada para exercela coñece ou pode razoablemente coñecer a causa de ineficacia e, en todo caso, unha vez transcorridos dous anos desde que a persoa indigna ou inhábil toma posesión dos bens en calidade de herdeira ou legataria.
c) A acción declarativa da indignidade ou inhabilidade sucesorias caduca unha vez transcorridos tres anos desde que a persoa lexitimada para exercela coñece ou pode razoablemente coñecer a causa de ineficacia e, en todo caso, unha vez transcorridos tres anos desde que a persoa indigna ou inhábil toma posesión dos bens en calidade de herdeira ou legataria.

d) A acción declarativa da indignidade ou inhabilidade sucesorias caduca unha vez transcorridos catro anos desde que a persoa lexitimada para exercela coñece ou pode razoablemente coñecer a causa de ineficacia e, en todo caso, unha vez transcorridos catro anos desde que a persoa indigna ou inhábil toma posesión dos bens en calidade de herdeira ou legataria.

E - Dereito civil Galicia:

25 - Aldara, filla de Anduriña, quen no momento da súa morte tiña a veciñanza civil de Galicia, quere exercitar unha acción por causa de preterición ou desherdamento inxusto contra o seu irmán Xosé Xoán, ao considerar que a súa nai a desherdou sen causa. De que prazo dispón Aldara para exercitar a acción?

a) As accións por mor de preterición ou desherdamento inxusto extínguense por caducidade ao ano da morte do causante.
b) As accións por mor de preterición ou desherdamento inxusto extínguense por caducidade aos dous anos da morte do causante.
c) As accións por mor de preterición ou desherdamento inxusto extínguense por caducidade aos catro anos da morte do causante.
d) As accións por mor de preterición ou desherdamento inxusto extínguense por caducidade aos cinco anos da morte do causante.

F - Dereito civil País Vasco (Bizkaia):

25 - Edurne, filla de Ane, quen no momento da súa morte tiña a veciñanza civil do País Vasco, quere exercitar unha acción xudicial contra o seu irmán Oihan, ao considerar que foi desherdada inxustamente da herdanza pola súa nai. De que prazo dispón Edurne para exercitar a acción?

a) A acción caducará ao ano.
b) A acción caducará aos dous anos.
c) A acción caducará aos tres anos.
d) A acción caducará aos catro anos.

G - Dereito civil Navarra:

25 - Leyre, filla de Lucía, quen no momento da súa morte tiña a veciñanza civil navarra, quere protocolizar o testamento hológrafo outorgado pola súa nai. De que prazo dispón Leyre para facelo?

a) O testamento caducará se non é protocolizado no ano seguinte ao falecemento do testador.
b) O testamento caducará se non é protocolizado nos dous anos seguintes ao falecemento do testador.
c) O testamento caducará se non é protocolizado nos catro anos seguintes ao falecemento do testador.
d) O testamento caducará se non é protocolizado nos cinco anos seguintes ao falecemento do testador.

PREGUNTAS DE RESERVA

1 – Felisa, Paco, Marta e Luis constituíron unha comunidade de bens de varios inmobles que adquiriron durante os cinco últimos anos. Os catro acoden ao despacho de Yolanda, avogada en exercicio, porque queren saber se poden establecer un pacto para conservar os bens da comunidade, de forma indivisa, durante un tempo determinado. É posible?

a) Si, será válido o pacto de conservar a cousa indivisa por tempo determinado, que non exceda de dez anos.
b) Si, será válido o pacto de conservar a cousa indivisa por tempo determinado, que non exceda de vinte anos.
c) Si, será válido o pacto de conservar a cousa indivisa por tempo determinado, que non exceda de trinta anos.
d) Non, será nulo de pleno dereito o pacto de conservar a cousa indivisa por tempo determinado.

2 – Alejandra, procuradora dos tribunais, que representa a José Antonio nun procedemento ordinario civil, pretende realizar o traslado de copias ás demais partes do proceso. Quen realizará o traslado desas copias ás demais partes?

a) Cando as partes estivesen defendidas por avogado e representadas por procurador, non deberá realizarse o traslado de copias ás demais partes que comparecen no procedemento.
b) Cando as partes estivesen representadas por procurador, cada un destes deberá trasladar aos procuradores das restantes partes as copias dos escritos e documentos que presente ao tribunal.
c) Cando as partes estivesen representadas por avogado, cada un destes deberá trasladar aos avogados das restantes partes as copias dos escritos e documentos que presente ao tribunal.
d) Cando as partes estivesen defendidas por avogado e representadas por procurador, cada unha das partes deberá trasladar ás persoas físicas ou xurídicas que fosen parte no proceso, sen necesidade de realizalo a través da súa postulación procesual, as copias dos escritos e documentos que presente ao tribunal.

ESPECIALIDADE XURÍDICA EN ADMINISTRATIVO E CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO

1 - En relación co trámite de información pública no procedemento administrativo, cal das seguintes afirmacións é correcta?
a) Se o interesado non comparece neste trámite non poderá interpoñer recurso administrativo contra a resolución do procedemento.
b) Só poderá acordarse a práctica deste trámite cando a lei reguladora do concreto procedemento así o estableza.
c) Quen presente alegacións neste trámite ten dereito a obter da Administración unha resposta razoada.
d) A comparecencia neste outorga, por si mesma, a condición de interesado no procedemento.

2 - A interposición dun recurso administrativo suspende a execución da resolución impugnada?
a) Só no caso de que a impugnación se fundamente nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito.
b) Non, pero o órgano ao que corresponda resolver o recurso poderá suspender a execución da resolución impugnada cando puidese causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.
c) Si, en todo caso.
d) Só se o recurso se interpón contra unha disposición de carácter xeral.

3 - O Tribunal Constitucional declara inconstitucional unha lei de cuxa aplicación derivan danos a un particular. En cal dos seguintes supostos procederá, de ser o caso, indemnización?
a) Cando o particular obtivese, necesariamente en última instancia, sentenza firme desacolledora dun recurso contra a actuación administrativa que ocasionou o dano, sempre que se alegase a inconstitucionalidade posteriormente declarada.
b) Cando o particular obtivese, en calquera instancia, sentenza firme desacolledora dun recurso contra a actuación administrativa que ocasionou o dano, sempre que se alegase a inconstitucionalidade posteriormente declarada.
c) Cando o particular obtivese, necesariamente en última instancia, sentenza firme desacolledora dun recurso contra a actuación administrativa que ocasionou o dano, sen necesidade de alegar a inconstitucionalidade posteriormente declarada.
d) Cando o particular obtivese resolución firme desacolledora dun recurso administrativo contra a actuación administrativa que ocasionou o dano, sempre que se alegase a inconstitucionalidade posteriormente declarada.

4 - Gabriela está suxeita a un procedemento administrativo sancionador. A proposta de resolución propón a imposición a Gabriela dunha sanción pecuniaria. Gabriela pretende recoñecer a súa responsabilidade e/ou satisfacer voluntariamente o importe da sanción antes de que recaia resolución no procedemento. Que consecuencias producirá iso?
a) Aplicarase unha redución de, polo menos, o 20% sobre o importe da sanción proposta polo recoñecemento da responsabilidade ou o pago voluntario, sen que as reducións sexan acumulables entre si, e a efectividade da redución non estará condicionada á desistencia ou renuncia de accións ou recursos en vía administrativa.
b) Aplicarase unha redución de, polo menos, o 20% sobre o importe da sanción proposta polo recoñecemento da responsabilidade ou o pago voluntario, sen que as reducións sexan acumulables entre si, e a efectividade da redución estará condicionada á desistencia ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa.
c) Aplicaranse reducións de, polo menos, o 20% sobre o importe da sanción proposta, sendo estes acumulables entre si, e a efectividade das reducións non estará condicionada á desistencia ou renuncia de accións ou recursos en vía administrativa.
d) Aplicaranse reducións de, polo menos, o 20% sobre o importe da sanción proposta, sendo estes acumulables entre si, e a efectividade das reducións estará condicionada á desistencia ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa.

5 - A Marcial, con domicilio en Sevilla, impónselle unha sanción administrativa por un órgano da Administración Xeral do Estado con rango de Dirección Xeral, por importe de 100.000 euros. O acto pon fin á vía administrativa e Marcial pensa interpoñer recurso contencioso-administrativo contra el. Que órgano xudicial será competente para coñecer do recurso?
a) A Sección do Contencioso-administrativo do Tribunal de Instancia de Madrid ou de Sevilla, á elección de Marcial.
b) A Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid ou de Sevilla, á elección de Marcial.
c) A Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, en todo caso.
d) A Sección do Contencioso-administrativo do Tribunal Central de Instancia.

6 - Admitido a trámite un recurso contencioso-administrativo, requiriuse a Administración para a remisión do expediente administrativo, pero transcorridos os prazos legalmente establecidos para iso a remisión non se produce. Que consecuencias ten?
a) A suspensión das actuacións ata que se produza a remisión do expediente administrativo, con posibilidade de imposición de multas coercitivas á autoridade ou empregado responsable.
b) O arquivo das actuacións e a posta dos feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal por se procedese o exercicio de accións penais.

c) O recorrente poderá pedir que se lle conceda prazo para formalizar a demanda e á Administración non se lle admitirá a contestación se non vai acompañada do expediente.
d) O recorrente poderá pedir que se lle conceda prazo para formalizar a demanda e teranse por certos os datos do expediente que alegue coñecer.

7 - Un grupo de cidadáns comunica á autoridade competente a celebración dunha manifestación. A autoridade competente propón a súa modificación, contra a que os promotores deciden interpoñer recurso contencioso-administrativo. Que Tribunal coñecerá do recurso?
a) A Sala do Contencioso-administrativo da Audiencia Nacional.
b) A Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza.
c) A Sección do Contencioso-administrativo do Tribunal Central de Instancia.
d) A Sección do Contencioso-administrativo do Tribunal de Instancia.

8 - Adolfo interpón recurso contencioso-administrativo contra un acto fundado exclusivamente en que o acto se ditou en aplicación dunha disposición xeral ilegal. O Tribunal estima o recurso contencioso-administrativo e formula a correspondente cuestión de ilegalidade da disposición xeral, que é rexeitada. Afectará o rexeitamento da cuestión de ilegalidade á situación xurídica concreta derivada da sentenza que acolleu o recurso contencioso-administrativo de Adolfo?
a) Si, no caso de que o Tribunal que resolvese a cuestión de ilegalidade sexa o mesmo que acolleu o recurso contencioso-administrativo.
b) Si, en todo caso.
c) Si, no caso de que o Tribunal que resolvese a cuestión de ilegalidade fose o Tribunal Supremo.
d) Non, en ningún caso.

9 - Pode unha entidade de dereito público dependente ou vinculada a unha Administración pública interpoñer recurso contencioso-administrativo contra un acto da Administración da que depende?
a) Si, sempre que por Lei se dotase a entidade dun estatuto específico de autonomía respecto de esta Administración.
b) Si, sempre que o recurso teña por obxecto un acto ou disposición que afecte o ámbito dos seus fins.
c) Si, en todo caso.
d) Non, en ningún caso.

10 - Cal das seguintes afirmacións é certa en relación coa proba no recurso contencioso-administrativo?
a) Só se recibirá o proceso a proba cando así o solicite o actor na demanda o demandado na contestación, así como cando da contestación á demanda resulten novos feitos de transcendencia para a resolución do preito e o recorrente solicite o recibimento a proba.
b) Non se recibirá o proceso a proba cando, a xuízo do Tribunal, do expediente administrativo resulten elementos de feito suficientes para a resolución do asunto.
c) As salas poderán delegar nun dos seus maxistrados a práctica de todas ou algunhas das dilixencias probatorias.
d) Os efectos das probas periciais non poderán estenderse a outros procedementos xudiciais distintos.

11 – Salvador quere presentar un recurso contencioso-administrativo. Porén, con carácter previo, pensa solicitar a adopción dunha medida cautelar alegando a concorrencia de circunstancias de especial urxencia no caso. Poderá o xuíz ou tribunal adoptar a medida sen oír previamente a Administración demandada?
a) Si, se aprecia as circunstancias de especial urxencia poderá adoptar a medida, sen oír previamente a Administración demandada, por medio de auto contra o que non se dará recurso ningún.
b) Si, se aprecia as circunstancias de especial urxencia poderá adoptar a medida, sen oír previamente a Administración demandada, por medio de auto contra o que caberá recurso de apelación.
c) Non, deberá en todo caso oír previamente a Administración demandada, aínda que en atención ás circunstancias de especial urxencia poderá habilitar os días inhábiles.
d) Non, deberá en todo caso oír previamente a Administración demandada, aínda que en atención ás circunstancias de especial urxencia poderá acordar unha redución dos prazos do incidente de medidas cautelares.

12 - Eladio interpón recurso contencioso-administrativo contra unha disposición de carácter xeral. O recurso é acollido e a disposición é anulada. Que efectos terá a sentenza, unha vez firme?
a) Só producirá efectos respecto de Eladio, sen posibilidade de extensión de tales efectos a terceiros.
b) Só producirá efectos respecto de Eladio, con posibilidade de extensión de tales efectos a terceiros.
c) Terá efectos xerais desde o día da firmeza da sentenza.
d) Terá efectos xerais desde o día en que sexa publicada a súa decisión e preceptos anulados no mesmo xornal oficial en que o fose a disposición anulada.

13 - Angelina interpuxo recurso contencioso-administrativo contra un acordo que lle impón unha sanción ante a Sección do Contencioso-administrativo do Tribunal de Instancia. A contía do asunto ascende a 5.000 euros. Será a sentenza susceptible de recurso de apelación?

a) Si, en todo caso, e do recurso de apelación coñecerá a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza.

b) Si, no caso de que a sentenza declare a inadmisibilidade do recurso contencioso-administrativo, e do recurso de apelación coñecerá a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza.

c) Non, en ningún caso, por non exceder a contía de 30.000 euros.

d) Non, en ningún caso, por non ser a sentenza susceptible de extensión de efectos.

14 - Rodrigo interpón recurso contencioso-administrativo. O procedemento termina tras chegar as partes a un acordo que pon fin á controversia, pero a Administración non cumpre o acordo. Pode Rodrigo instar a execución forzosa do acordo?

a) Non, pero poderá reclamar da Administración o cumprimento do acordo e, se esta non dá cumprimento ao solicitado no prazo de tres meses, formular recurso contencioso-administrativo contra a inactividade da Administración.

b) Si, transcorrido o prazo fixado no propio acordo; se o acordo non fixase prazo para o cumprimento das obrigas derivadas deste, poderá requirirlle á Administración o seu cumprimento e transcorridos tres meses poderá instar a súa execución forzosa.

c) Si, transcorrido o prazo fixado no propio acordo; se o acordo non fixase prazo para o cumprimento das obrigas derivadas deste, poderá requirirlle á Administración o seu cumprimento e transcorridos dous meses poderá instar a súa execución forzosa.

d) Só transcorrido o prazo de tres meses desde a comunicación do acordo á Administración para o seu cumprimento.

15 - De conformidade coa Lei do patrimonio das administracións públicas, é posible outorgar unha autorización para o uso privativo dun ben de dominio público por un prazo de máis de catro anos?

a) Si, sempre que o ben se destine á prestación dun servizo público, por un prazo máximo de setenta e cinco anos.

b) Si, sempre que o ben se destine á prestación dun servizo público, por un prazo máximo de corenta anos.

c) Si, pero só se determina a ocupación do ben con instalacións desmontables ou bens mobles.

d) Non, en ningún caso.

16 - A Emilia expropiáronlle un terreo para a construción dunha escola. Transcorreron cinco anos desde que a Administración tomou posesión do terreo sen que se iniciase a execución da obra nin se afectase o terreo a outro fin que fose declarado de utilidade pública ou interese social. Conforme a Lei sobre expropiación forzosa, cal das seguintes afirmacións é correcta?

a) Emilia non poderá exercer o dereito de reversión ata que a Administración non lle notifique formalmente a súa decisión de non construír a escola.

b) Emilia non poderá exercer o dereito de reversión ata que transcorran dez anos desde que a Administración tomou posesión do terreo.

c) Emilia non poderá exercer o dereito de reversión, pero poderá instar a revisión de oficio do acordo de expropiación.

d) Emilia poderá exercer o dereito de reversión mediante o aboamento da indemnización que a lei determina.

17 - A Administración formalizou un contrato do sector público cuxo prego de cláusulas administrativas particulares non prevé a posibilidade de que sexa modificado. Pode a Administración realizar unha modificación do contrato que implique unha alteración na súa contía dun 50% do prezo inicial do contrato, imposto sobre o valor engadido (IVE) excluído?

a) Si, cando a modificación cumpra os requisitos legalmente previstos e logo da conformidade por escrito do contratista.

b) Non, posto que non poden realizarse modificacións que non estean previstas no prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Non, posto que non poden realizarse modificacións que impliquen unha alteración na contía do contrato de máis dun 20% do prezo inicial, IVE excluído.

d) Si, cando a modificación cumpra os requisitos legalmente previstos, sen necesidade de previa conformidade por escrito do contratista.

18 - Sempre que se cumpran os requisitos previstos na lexislación sobre estranxeiría, ten dereito o estranxeiro residente a reagrupar con el en España os seus fillos?

a) Si, a todos os seus fillos con independencia da súa idade.

b) Si, sempre que sexan menores de dezaoito anos ou persoas con discapacidade que non sexan obxectivamente capaces de prover as súas propias necesidades debido ao seu estado de saúde.

c) Non, só ten dereito a reagrupar con el en España o seu cónxuxe.

d) Non, posto que a lexislación sobre estranxeiría non recoñece o dereito ao reagrupamento familiar.

19 - A que cuestións se estende o coñecemento do órgano competente para a resolución dunha reclamación económico-administrativa?
a) Unicamente ás cuestións de feito e de dereito que formulasen os interesados.
b) Ás cuestións de feito e de dereito que formulasen os interesados, así como a todas as demais que ofreza o expediente, cando, expostas aos interesados para alegacións, ningún deles formule oposición expresa ao seu exame.
c) A todas as cuestións de feito e de dereito que ofreza o expediente, fosen ou non formuladas polos interesados e con independencia de que poidan empeorar a situación inicial do reclamante.
d) A todas as cuestións de feito e de dereito que ofreza o expediente, fosen ou non formuladas polos interesados, sen que en ningún caso poida empeorar a situación inicial do reclamante.

20 - Nun procedemento aberto ordinario para a adxudicación dun contrato do sector público, debe o licitador que presentase a mellor oferta constituír ao dispor do órgano de contratación unha garantía definitiva?
a) Si, sen que o órgano de contratación poida eximir en ningún caso o adxudicatario da obriga de constituír garantía definitiva.
b) Só cando de forma excepcional o órgano de contratación o considere necesario e o xustifique motivadamente no expediente.
c) Si, aínda que, atendidas as circunstancias concorrentes no contrato, o órgano de contratación poderá eximir o adxudicatario da obriga de constituír garantía definitiva, xustificándoo axeitadamente no prego de cláusulas administrativas particulares.
d) Só nos contratos de obras ou concesión de obras.

21 - Nuria pretende interpoñer recurso contencioso-administrativo contra un acto que lle é desfavorable, sen que existan terceiros interesados. Como se iniciará o recurso?
a) Por escrito reducido a citar o acto que se impugna e a solicitar que se teña por interposto o recurso, aínda que tamén poderá iniciarse mediante demanda en que se concretará o acto impugnado e razoarase a súa desconformidade a dereito.
b) Por escrito reducido a citar o acto que se impugna, a solicitar que se teña por interposto o recurso e a expoñer brevemente os motivos polos que se estima contrario a dereito, sen que poida iniciarse por demanda.
c) Por escrito reducido a citar o acto que se impugna, a solicitar que se teña por interposto o recurso, sen que poida iniciarse por demanda.
d) En todo caso, por demanda en que se concretará o acto impugnado e razoarase a súa desconformidade a dereito.

22 - Nun procedemento iniciado a solicitude de interesado, este desiste da solicitude. A desistencia é notificado aos demais interesados que compareceron no procedemento, pero ningún deles insta a súa continuación. Que consecuencias producirá a desistencia?
a) A Administración aceptará de plano a desistencia, sen que o interesado poida formular novas solicitudes co mesmo obxecto.
b) A Administración aceptará de plano a desistencia, salvo que resulte legalmente inadmisible.
c) A Administración aceptará de plano a desistencia, sen que en ningún caso poida seguir o procedemento.
d) A Administración aceptará de plano a desistencia, aínda que, se a cuestión suscitada pola incoación do procedemento entrañase interese xeral ou fose conveniente tramitala para a súa definición e esclarecemento, poderá limitar os efectos da desistencia ao interesado e seguirá o procedemento.

23 - Cal das seguintes afirmacións é correcta en relación coa execución de sentenzas no proceso contencioso-administrativo?
a) Cando a Administración fose condenada ao pagamento de cantidade líquida, transcorridos tres meses desde que a sentenza firme sexa comunicada ao órgano que debe cumprila e instada a súa execución forzosa, a autoridade xudicial, oído o órgano encargado de facela efectiva, poderá incrementar en dous puntos o interese legal devindicado, sempre que apreciase falta de dilixencia no cumprimento.
b) Constitúe causa de utilidade pública ou de interese social para expropiar os dereitos ou intereses lexítimos recoñecidos fronte á Administración nunha sentenza firme o perigo de que o cumprimento da sentenza produza grave trastorno á Facenda.
c) A cantidade que se ten que satisfacer en virtude da sentenza non poderá compensarse con créditos que a Administración teña contra o recorrente.
d) Non se admitirá a realización de modificacións orzamentarias para o pagamento da cantidade a que sexa condenada a Administración.

24 - Con cales dos seguintes suxeitos entenderanse as actuacións do expediente expropiatorio?
a) Co propietario da cousa ou titular do dereito obxecto da expropiación, unicamente.
b) Co propietario da cousa ou titular do dereito obxecto da expropiación e tamén, sempre que o soliciten, acreditando a súa condición debidamente, cos titulares de dereitos reais e intereses económicos directos sobre a cousa expropiable, con exclusión dos arrendatarios.

c) Co propietario da cousa ou titular do dereito obxecto da expropiación e tamén, sempre que o soliciten, acreditando a súa condición debidamente, cos titulares de dereitos reais e intereses económicos directos sobre a cousa expropiable, así como cos arrendatarios cando se trate de inmobles rústicos ou urbanos.
d) Con quen conste co carácter de propietario ou titular en rexistros públicos que produzan presunción de titularidade, unicamente.

25 - Guillermo é un funcionario público que pretende interpoñer recurso contencioso-administrativo en defensa dos seus dereitos estatutarios contra un acto en materia de persoal que non implica separación de funcionarios públicos inamovibles. Deberá conferir a súa representación a un procurador e/ou ser asistido por avogado?
a) Non, poderá comparecer por si mesmo.
b) Poderá comparecer por si mesmo se o recurso se interpón ante un órgano unipersoal; noutro caso, deberá conferir a súa representación a un procurador e ser asistido por avogado.
c) Deberá ser asistido, en todo caso, por avogado; e se o recurso se interpón ante un órgano colexiado deberá ademais conferir a súa representación a un procurador.
d) Deberá ser asistido por avogado e conferir a súa representación a un procurador, en todo caso.

PREGUNTAS DE RESERVA

1 - A aceptación de informes ou ditames pode servir de motivación á resolución dun procedemento administrativo?
a) Só cando se trate do informe da Avogacía do Estado ou do ditame do Consello de Estado.
b) Non, sen prexuízo da posibilidade de reproducir literalmente na resolución o contido do informe ou ditame.
c) Si, cando se incorporen ao texto da resolución.
d) Si, mediante unha mera referencia ao número de expediente do informe ou ditame.

2 - Está a Administración autora dun acto lexitimada para impugnalo ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa?
a) Non, posto que as administracións públicas só están lexitimadas para impugnar actos procedentes doutras administracións públicas distintas.
b) Só cando se trate de decisións adoptadas polos órganos administrativos aos que corresponde resolver os recursos especiais e as reclamacións en materia de contratación.
c) Si, previa a súa declaración de lesividade para o interese público nos termos establecidos pola lei.
d) Só cando unha lei o autorice expresamente.

ESPECIALIDADE XURÍDICA EN LABORAL

1 – Andrés esgotou a prestación de incapacidade temporal e, avaliado pola unidade médica de revisións do Instituto Nacional da Seguridade Social, esta entidade emite resolución que lle declara en situación de incapacidade permanente parcial. Procede a recorrer a resolución para que lle sexa recoñecida unha incapacidade permanente total. Que requisito previo á interposición da demanda debe formular?
a) Unha reclamación administrativa previa.
b) Un acto de conciliación.
c) Un recurso de reposición.
d) Un acto de mediación.

2 – Sofía foi despedida pola empresa na que prestaba os seus servizos e non estando conforme interpuxo demanda. A sentenza en primeira instancia foi ditada pola Praza 3 da Sección Social do Tribunal de Instancia de Granada con carácter desacolledor. Que recurso poderá interpoñer?
a) Recurso de casación.
b) Recurso de apelación.
c) Recurso de reposición.
d) Recurso de suplicación.

3 – A contestación á demanda na orde xurisdicional social, cando debe realizarse?
a) Durante os 10 días seguintes ao emprazamento.
b) Durante o acto de xuízo.
c) Durante os 20 días seguintes ao emprazamento.
d) En calquera momento antes do xuízo.

4 – Na demanda presentada por Rafaela solicítanse dilixencias de preparación da proba para practicar no xuízo. O letrado da Administración de Xustiza acordará o que corresponda para posibilitar a súa práctica, a través de que resolución o acordará?
a) Mediante providencia de admisión da demanda.
b) Mediante dilixencia de ordenación.
c) Mediante decreto de admisión da demanda.
d) Mediante auto.

5 – A Alicia a empresa para a que traballa notificoulle a finalización do seu contrato temporal. Considera que a relación deveu indefinida por fraude de lei na contratación e decide impugnar por despedimento. Presenta solicitude de conciliación o 19º día dos 20 días de prazo, que efecto provoca no cómputo do prazo a interposición do intento de conciliación?
a) A suspensión do prazo e a continuación do cómputo do prazo ao día seguinte de tentada a conciliación ou mediación ou transcorridos quince días hábiles desde a súa presentación sen que se celebrase.
b) A interrupción do prazo e o reinicio do cómputo do prazo ao día seguinte de tentada a conciliación ou mediación ou transcorridos quince días hábiles desde a súa presentación sen que se celebrase.
c) A suspensión do prazo e a continuación do cómputo do prazo ao día seguinte de tentada a conciliación ou mediación.
d) A interrupción do prazo e o reinicio do cómputo do prazo ao día seguinte de tentada a conciliación ou mediación.

6 – Un estudante, que cursa o grao de dereito, traballa nunha cafetería que lle aboa un salario inferior ao previsto para a súa categoría de camareiro no convenio colectivo de hostalería de aplicación. Por iso, procede a interpoñer unha reclamación de cantidade. En que parte do procedemento poderá defenderse a si mesmo sen necesidade da defensa dun avogado?
a) En primeira instancia.
b) No recurso de suplicación.
c) No recurso de casación.
d) En todos os supostos anteriores.

7 – Luisa causa situación de incapacidade temporal derivada de enfermidade común o 25 de xullo e permanece nesta situación durante o período de vacacións que tiña recoñecido de trinta días a partir do 1 de agosto. Despois da emisión da alta médica, ten dereito ao goce deses días de vacacións?
a) Si, noutra data que deberá pactarse de común acordo entre empresa e traballadora, sempre que non transcorresen máis de 18 meses.
b) Non, pérdeos se a empresa pecha durante o mes de agosto cando todos os traballadores gozan de vacacións.
c) Si, poderá gozalas na data que determine a empresa e non transcorresen máis de 18 meses.
d) Non, pérdeos en todo caso.

8 – Lara subscribe un contrato de duración temporal por substitución dunha traballadora no que non se identifica a persoa á que debe substituír. Cal é a consecuencia do dito incumprimento?
a) O recoñecemento da condición de fixa.
b) O recoñecemento da condición de indefinida non fixa.
c) O recoñecemento da condición de fixa descontinua.
d) O recoñecemento da condición de eventual fixa.

9 - En materia de mobilidade xeográfica, pódese presentar directamente a demanda ou é preceptiva a interposición previa de reclamación administrativa?
a) Debe presentarse papeleta de conciliación.
b) Debe presentarse reclamación administrativa previa.
c) Exceptúase do requisito do intento de conciliación.
d) Debe presentarse papeleta de conciliación ou reclamación previa de forma indistinta.

10 - Juanjo ten suscrito un contrato por tempo indefinido fixo-descontinuo para a realización de funcións de monitor de comedor nun colexio, prestando servizos durante o curso escolar, desde principios do mes setembro ata finais do mes de xuño. Ao finalizar o curso en xuño de 2025 o colexio abooulle a liquidación e presentoulla para asinala. Nos primeiros quince días do mes de setembro de 2025 a empresa non lle fixo o chamamento e tivo coñecemento de que a empresa efectuara o chamamento de todos os seus compañeiros e que iniciaran a prestación de servizos. En que prazo debeu exercitar a acción de despedimento?
a) No prazo de 20 días unha vez que non recibiu o chamamento antes de empezar o curso escolar.
b) No prazo de 20 días unha vez finalizado o curso escolar.
c) No prazo de 20 días á finalización do curso escolar ou ao comezo do seguinte indistintamente.
d) No prazo de 20 días cando sexa notificada por escrito a extinción do contrato.

11 – María foi despedida por causas disciplinarias, impugnou o despedimento e a sentenza ditada pola Sección Social do Tribunal de Instancia de Toledo foi acolledora e declara a improcedencia do despedimento. Na sentenza outórgase ao empresario a opción de elixir no prazo de cinco días, entre readmitila nas mesmas condicións de traballo ou indemnizala. Cal é a consecuencia de non exercitar a opción por parte da empresa nese prazo?
a) Enténdese que optou tacitamente pola indemnización.
b) Trasládaselle ao xuíz a decisión en fase de execución, quen debe valorar o máis beneficioso para ambas as partes.
c) Enténdese que optou tacitamente pola readmisión.
d) Trasládase o dereito de elección á traballadora demandante.

12 – Roberto sufriu un accidente de traballo e, esgotada a situación de incapacidade temporal, presenta reducións anatómicas ou funcionais graves. O órgano avaliador da Seguridade Social conclúe que non pode continuar desenvolvendo as tarefas fundamentais da súa profesión habitual de mecánico. Cal das seguintes prestacións lle será recoñecida?
a) Incapacidade permanente total.
b) Incapacidade permanente absoluta.
c) Incapacidade permanente parcial.
d) Gran incapacidade.

13 – ANULADA.

14 – Que tipo de empresas deben formalizar a avaliación de riscos laborais?
a) As empresas cuxo convenio colectivo de aplicación o esixa.
b) As empresas dos sectores que teñan un potencial de risco elevado.
c) Todas as empresas.
d) As empresas cun determinado número de traballadores que fixa a autoridade laboral.

15 – Cando debe darse de alta a unha persoa traballadora na Seguridade Social?
a) Cando superase o período de proba.
b) Con carácter previo ao inicio da prestación de servizos.
c) Cando transcorrese un mes desde o inicio da relación laboral.
d) Con posterioridade ao inicio da prestación de servizos.

16 – Cando existe a obriga ao pagamento de gratificacións extraordinarias por parte da empresa a un traballador?
a) Cando o convenio colectivo de aplicación o recoñeza.
b) Cando superase o mínimo de produtividade pactada.
c) En todos os casos con ocasión das festas de nadal e a outra no mes que se fixe por convenio colectivo ou por acordo entre o empresario e os representantes legais dos traballadores.
d) Cando superase a xornada ordinaria de traballo.

17 – Cal das seguintes prestacións de servizos queda excluída do ámbito de aplicación do Estatuto dos Traballadores?
a) A dos penados nas institucións penitenciarias.
b) A das persoas artistas que desenvolven a súa actividade nas artes escénicas, audiovisuais e musicais.
c) A dos deportistas profesionais.
d) A relación de servizo dos funcionarios públicos.

18 – Cal das seguintes percepcións económicas percibidas polo traballador non teñen a consideración de salario?
a) As indemnizacións correspondentes a traslados.
b) As horas extraordinarias.
c) O complemento de antigüidade.
d) O salario en especie.

19 – Que efecto deriva da suspensión do contrato de traballo?
a) A exoneración de traballar, pero non a de remunerar o traballo.
b) A exoneración de traballar e remunerar o traballo.
c) A exoneración de remunerar o traballo, pero non a de traballar.
d) O dereito preferente ao reingreso cando se produza unha vacante.

20 –Con base en cal dos seguintes incumprimentos empresariais pode o traballador solicitar a extinción do contrato con dereito a percibir indemnización?
a) Polos atrasos continuados no aboamento do salario pactado.
b) Pola comunicación de modificacións non substanciais nas condicións de traballo.
c) Por un incumprimento leve da empresa en materia de riscos laborais.
d) Pola comunicación do traslado do traballador a outro centro de traballo da mesma localidade.

21 – Cal é o prazo para interpoñer unha demanda por despedimento?
a) Un prazo de 2 meses de prescrición.
b) Un prazo de 1 mes de caducidade.
c) Un prazo de 1 ano de prescrición.
d) Un prazo de 20 días de caducidade.

22 – En cal dos seguintes supostos o despedimento será cualificado como nulo?
a) No despedimento verbal
b) No despedimento que vulnera dereitos fundamentais.
c) No despedimento que vulnera calquera dereito do traballador.
d) No despedimento que carece de xustificación.

23 – Cal dos seguintes recursos é o apropiado para recorrer contra os decretos non definitivos ditados polos letrados da Administración de Xustiza?
a) O recurso de reposición, excepto nos casos en que a lei estableza recurso directo de revisión.
b) O recurso de queixa.
c) O recurso de revisión.
d) O recurso de suplicación.

24 – A empresa na que presta servizos Marcos comunícalle a modificación do horario e distribución do tempo de traballo. Con que prazo debe notificar a empresa a efectividade da medida?
a) Cunha antelación mínima de quince días á data da súa efectividade.
b) Cunha antelación mínima de dez días á data da súa efectividade.
c) Cunha antelación mínima de vinte días á data da súa efectividade.
d) Cunha antelación mínima de trinta días á data da súa efectividade.

25 – A Sección do Social do Tribunal de Instancia de Huelva ditou sentenza acolledora nun proceso presentado por Claudia relativo á data de goce das vacacións. Cabe interpoñer recurso de suplicación contra esta sentenza?
a) Non cabe recurso en ningún caso.
b) Si cabe recurso sempre que a sentenza sexa desacolledora.
c) Sempre cabe recurso.
d) Só cando a cuestión debatida afectase a un gran número de traballadores.

PREGUNTAS DE RESERVA

26 – Javier, médico integrado no persoal estatutario dos servizos de saúde, quere interpoñer unha reclamación de responsabilidade derivada dos danos sufridos como consecuencia do incumprimento da normativa de prevención de riscos laborais por parte do Servizo de Saúde. Ante que orde xurisdicional debe presentar a demanda?
a) Ante a orde xurisdicional civil.
b) Ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa.
c) Ante a orde xurisdicional social.
d) Indistintamente ante a orde social ou contencioso-administrativa á elección da parte demandante.

27 - Unha empresa que ten 51 traballadores, cantos representantes terá?
a) Tres delegados de persoal.
b) Un comité de empresa de nove membros.
c) Un comité de empresa de cinco membros.
d) Un delegado de persoal.